



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 2 DE XULLO DE 2024

PRESIDENTE:

O alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 780/2024, de data 24 de xuño)

ASISTENTES:

D. Daniel Mallo Castro
D. Ramón Boga Moscoso
D. David López Saborido
D^a María Yolanda Díaz Baldomir
D. Raúl Varela Fraguío
D. Manuel Castro Uzal

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Lucía Mata Rodríguez

SECRETARIA XERAL:

D.^a Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día dous de xullo do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde en funcións D. Juan González Leirós (Resolución da Alcaldía núm 780/2024, de data 24 de xuño), e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D^a María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.^a Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 25 DE XUÑO DE 2024

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 25 de xuño de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 25 de xuño de 2024.

2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Augas de Galicia, Resolución do 13 de xuño de 2024, pola que se aproban as bases reguladoras para a selección, mediante concurso, dos concellos participantes no desenvolvemento, implantación e posta en marcha dunha rede automática de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta, e se convoca para o ano 2024. DOG núm. 123, do 26-06-2024.



- Consellería de Economía e Industria, acordo do 4 de xuño de 2024, da Dirección Territorial da Coruña, de levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados por unha instalación eléctrica, no concello de Cambre (expediente IN407A2023/2051). DOG núm. 122, do 25-06-2024.

- Servizo de Enerxía e Minas. Xefatura Territorial da Coruña. Consellería de Economía e Industria, acordo de información pública da solicitude de autorización dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica en Cambre (expediente IN407A2024/054-1). DOG núm. 122, do 26-06-2024.

- Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación e Cultura da excma. Deputación provincial da Coruña, Resolución pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO221: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2024. BOP núm. 123, do 27-06-2024.

- Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, anuncio das bases reguladoras do programa dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2024. BOP núm. 123, do 27-06-2024.

- Consellería de Política Social e Igualdade, orde de 24 de xuño pola que se publica o incremento da dotación orzamentaria da Resolución de 29 de novembro de 2023, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, parcialmente cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (códigos de procedemento SI436A, SI435A e SI427B). DOG núm. 125, do 28-06-2024.

- Augas de Galicia, corrección de erros. Resolución de 13 de xuño de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras para a selección, mediante concurso, dos concellos participantes no desenvolvemento, implantación e posta en marcha dunha rede autonómica de estacións dixitais de monitorización de sistemas de abastecemento de auga potable en alta, e se convoca para o ano 2024. DOG núm. 127, do 02-07-2024.

3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende as 14.10 horas do día 20 ao 27 de xuño de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 770/2024 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Servizos Sociais e Recursos Humanos núm. 795/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
770/2024	21-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de xuño de 2024
771/2024	21-06-2024	Aprobación da nómina da paga extraordinaria de xuño de 2024 por importe total bruto de 255.048,98 euros
772/2024	21-06-2024	Concesión a APC de licenza municipal para a construción dun muro de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		contención, de 34,76 metros lineais e unha altura variable dende 1,50 ata 4,00 metros, no lindeiro norte da finca sita no lugar do Vilar, parroquia de Bribes, segundo o proxecto técnico que se achega redactado pola enxeñeira técnica industrial AMCC, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 29 de abril de 2024.
773/2024	21-06-2024	Declarar a HGR,SL responsable dunha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na parcela sita no lugar de Fontemoura, Santa Maria de Vigo, facendo uso do camiño público municipal 1C.1.0164, sen ter presentado o preceptivo aval; e dunha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa. Imposición de sancións de 1.500 euros pola infracción moi grave, e de 500 euros pola infracción grave. Requirimento de pago da sanción e orde de reposición do camiño afectado ao seu estado anterior, para o cal deberá presentar o preceptivo proxecto de obra no prazo de 1 mes
774/2024	21-06-2024	Declaración de caducidade do expediente 2020/U026/000080, ao ter permanecido paralizado por causa imputable ao interesado durante máis de tres meses, acordando o arquivo das actuacións. Inicio de procedemento sancionador a CM,SL pola realización dunha talla na parcela sita no lugar de Meixigo, Cambre, facendo uso do camiño público municipal 1C.1.0294, carecendo de título habilitante municipal
775/2024	21-06-2024	Estimación das alegacións presentadas por LLM, ao terse constatado que as árbores afectadas polo presente expediente atópanse no interior da zona de cesión ao Concello de Cambre, destinada á regularización do viario público, e que foi efectivamente cedida e aceptada polo Concello mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1975/2022, do 16 de novembro de 2022, ditada no exp. núm.2022/U018/000018, e como consecuencia do anterior, archivar o expediente nº 2022/I004/000076.
776/2024	21-06-2024	Avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o contrato do "Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leras no Concello de Cambre" formalizado o día 21.08.2023 co contratista José Carlos Mallo Ares (expediente TEdC núm. 2023/C004/000007). Acordar a prórroga de 1 ano mais, ata o día 21.08.2025, o citado, condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2025.
777/2024	20-06-2024	Nomeamento de J.L.R.B., como conserxe interino encadrado na escala de administración xeral, subescala Subalterna, pertencente ao grupo "Outras Agupacións Profesionais sen requisito de titulación" e adscrito ao departamento de Cultura en substitución transitoria de GDD, de conformidade co art. 23-2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
778/2024	24-06-2024	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2023 número 5/2024 por importe de 49.186,56 euros, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais.
779/2024	24-06-2024	Dar de baixa con efectos do segundo trimestre de 2024, a bonificación na taxa de subministración de auga, segundo o establecido no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, e na taxa pola rede de sumidoiros, segundo o

		establecido no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, en domicilio de subministración na rúa Constitución, O Temple, logo de cotexar a baixa no Padrón municipal de habitantes de MTSP.
780/2024	24-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de xuño de 2024
781/2024	24-06-2024	Delegación da totalidade de funcións que ostenta a Alcaldía no 1º tenente de alcalde, don Juan González Leiros, que as exercerá do día 28 de xuño de 2024 ao día 7 de xullo de 2024, ambos incluídos
782/2024	25-06-2024	Concesión a PAML da licenza administrativa solicitada para a posesión de animais potencialmente perigosos
783/2024	25-06-2024	Concesión da renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a MCMC, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Data de caducidade 14/05/2029
784/2024	25-06-2024	Concesión da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade a MHC, que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Data de caducidade: 05/05/2029
785/2024	25-06-2024	Levantamento do reparo suspensivo formulado pola interventora municipal no informe de fiscalización de data 31 de maio de 2024 (CVD: ND6MmnNNXsjFc2T____) á proposta de nomeamento de VEPC como educadora social interina en substitución transitoria de RPM, isto con base no informe emitido o 20 de xuño do 2024 polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior (CVD: W6XG8zvCvj2lvj_____).
786/2024	25-06-2024	Nomeamento de VEPC como educadora social interina encadrado na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional A-2 e adscrito á Área de Servizos Sociais en substitución transitoria de don RPM, de conformidade co art. 23.2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
787/2024	25-06-2024	Concesión a RGQ dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora, que serán entregados no departamento de servizos sociais por orden da coordinadora de servizos sociais e o técnico profesional de referencia responsable do seu expediente, unha vez comprobado que a beneficiaria continúa cumprindo os requisitos establecidos no artigo 2 de dita ordenanza.
788/2024	26-06-2024	Inicio de expediente a JNL para a declaración de ruína da edificación existente en finca sita en Espírito Santo, ordeándolle que proceda ao cerramento efectivo dos ocos, así como á clausura de calquera outro acceso ao interior da edificación obxecto do presente expediente, por existir risco para as persoas e bens, debido ao estado da mesma, concedéndollo a tal efecto un prazo de 10 días naturais, a contar a partir do seguinte ao da presente notificación. Posta de manifesto do expediente aos interesados, dándolles traslado literal dos informes técnicos obrantes

		nel para que dentro do prazo de 1 mes aleguen e presenten por escrito os documentos e xustificacións que estimen pertinentes en defensa dos seus respectivos dereitos
789/2024	26-06-2024	Delegación no concelleiro don Ramón Boga Moscoso da competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MTRL e JCVV
790/2024	26-06-2024	Delegación na concelleira María Carmen Pan Matos a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de MABP e MAGN
791/2024	26-06-2024	Delegación no concelleiro dona María Yolanda Díaz Baldomir da competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de AVV e HEKH
792/2024	26-06-2024	Iniciar expediente de orde de execución a MJMD, para a corrección da situación de inseguridade xerada como consecuencia da caída dunha árbore na marxe do camiño público 1C.1.0384, na finca sita en Brexo, de acordo co disposto polos Arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente esixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de DEZ DÍAS para que realicen as alegacións e presenten os documentos e xustificacións que estimen pertinentes
793/2024	26-06-2024	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe de 600 euros
794/2024	26-06-2024	Non admisión do recurso de reposición interposto pola entidade ATE,SLU contra a resolución do concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Servizos núm. 54/2024 de data 24 de xaneiro de 2024 pola que se suspenden os actos de construción que está a realizar a entidade ATW, SLU en parcela situada en Seoane - Anceis, consistentes na construción dunha nova infraestrutura de estación base de telecomunicación con comunicación previa de obras núm. 2023/U027/000004 ao terse detectado que o contido da documentación que se acompaña á dita comunicación non se axusta á normativa de aplicación, por ter transcorrido con creces o prazo dun mes establecido para interpoñer o mesmo no artigo 124.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, de conformidade co artigo 116 do mesmo texto legal.
795/2024	27-06-2024	Concesión a YLC dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora

4.- ASUNTOS SOBREVIDOS

Non se tratou ningún asunto sobrevido.



5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e tres minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Juan González Leirós

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo